



## MODIFICACIÓN DO PLAN DE NORMALIZACIÓN CURRICULAR (PNC) 2012 EXPEDIENTE 1015/13

A Xunta Rectora do Organismo Autónomo Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo, na súa sesión de 20 de setembro de 2012, acordou aprobar o seguinte:

Modificar o vixente Plano de Normalización Curricular (PNC) nos seguintes termos:

1. Suprimir temporalmente e ata novo acordo, para todas as especialidades, a complementaria común de Volume e modelado.
2. Reestructurar a docencia para a materia complementaria común de **Debuxo técnico**, do seguinte xeito:
  - Impartirase en horario específico –fóra do horario propio de Obradoiro-- para as especialidades de CAIM (Gaita, Luthería antiga e Zafona), Encadernación, Encaixe de Palillos, Artesanía en Coiro, Ourivaría, Cerámica e Moda e Confección;
  - O seu programa integrarase expresa e singularizadamente no horario propio de Obradoiro nas especialidades de Pintura, Debuxo, Escultura e Talla en madeira e Serigrafía artística;
  - Establécer, para todas as especialidades, unha duración desta materia complementaria de 30 horas/curso académico
  - Para poder atender á docencia desta materia, utilizaranse os recursos humanos existentes na EMAO con capacidade técnica para a súa impartición:
    - Mestre/a de formación de Serigrafía artística (pendente de selección), impartirá Debuxo técnico para as especialidades de Encadernación e Cerámica artística e para o alumnado do seu propio Obradoiro.
    - Mestra de formación de Escultura e Talla en madeira, impartirá Debuxo técnico para as especialidades de CAIM (Luthería antiga, Gaita e Zanfona) e para Moda e Confección Iniciación B e para o alumnado do seu propio obradoiro.
    - Mestra de formación de Pintura, impartirá Debuxo técnico para as especialidades de Artesanía en coiro e Encaixe de Palillos Iniciación A e para o alumnado do seu propio obradoiro.
    - Mestre/a de Debuxo artístico (pendente de selección), impartirá Debuxo técnico para as especialidades de Ourivaría e Encaixe de Palillos Iniciación B)
3. A materia complementaria Historia [da especialidade], integrarase expresa e singularizadamente no horario propio de Obradoiro nas especialidades de Pintura, Debuxo, Escultura e Talla en madeira, ao igual que --como xa está recollido no PNC vixente-- nas de Serigrafía artística, Cerámica e Encadernación. No resto das especialidades terá horario específico e será impartida polo mestre-titor de cada unha delas (agás CAIM, impartidas por profesorado especializado da e-Trad e do Conservatorio de Música de Pontevedra)
4. O horario xenérico de Obradoiro nas especialidades de Pintura, Escultura e talla en madeira e Debuxo artístico redúcese nun total de 60 horas/curso. O horario xenérico de obradoiro da especialidade de Serigrafía, redúcese nun total de 30 horas/curso.

O DIRECTOR E.F. DA EMAO

Rafael Ojea Pérez